




Concello da Coruña

Area / Unidade CONTRATACION CT0000 ICO	Documento 4301810318	
Código de verificación  2F5F 2X5Q 3N68 4J2N 0G0A	Expediente 851/2024/32	
	Data 21-08-2024	

Asunto CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DE 14 DE AGOSTO DE 2024. DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PRECISOS PARA A PRESTACIÓN DOS CORRESPONDENTES SERVICIOS RELATIVOS Á ELABORACIÓN DO ESTUDO TÉCNICO INTEGRAL SOBRE O TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DA CORUÑA	Interesado
--	------------

Dona BERTA MARÍA FERNÁNDEZ ESPANTOSO, xefa da Sección do Servizo de Contratación e secretaria suplente da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 14 de agosto de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS

3.2.- Licitación 851/2024/32

Realización dos traballos de asistencia técnica precisos para a prestación dos correspondentes servizos relativos á elaboración do ESTUDO TÉCNICO INTEGRAL SOBRE O TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DA CORUÑA.

Declarado iniciado o acto, a Secretaria suplente informa das proposicións recibidas e o nome das licitadoras presentadas ao devandito procedemento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), resultando ser as empresas licitadoras as que a continuación se relacionan:

Número un. – AGRUPACIÓN DE INTERÉS ECONÓMICO MULTICRITERI-MCRIT

Número dous. – UTE DESARROLLO, ORGANIZACIÓN Y MOVILIDAD SA e CONSULTORA ALAMON SL

Número tres. – UTE COLIN BUCHANAN CONSULTORES SAU e ITH PLANNING AND DESIGN SL

Número catro. – INGARTEK CONSULTING SL

Número cinco. – UTE ANTEA IBEROLATAM SLU e TRN TÁRYET SA

Número seis. – UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA SL e CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE SL

Número sete. – UTE IPLAN MOVILIDAD SL e CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA SL (CIESA)

A continuación, a Secretaria suplente da Mesa expón que, en data 12/08/2024, procedeuse polo Servizo de Contratación ao descifrado e apertura do sobre que contén a declaración responsable e acreditativa dos requisitos previos da licitación, de acordo coa posibilidade que ofrece a Plataforma de Contratación do Sector Público de realizar a apertura deste sobre con anterioridade á celebración da Mesa de Contratación, coa finalidade de axilizar as sesións da Mesa.



Así mesmo, dáse conta aos membros da Mesa de Contratación do resultado do exame da documentación administrativa, tal e como consta na Plataforma de Contratación do Sector Público, e de conformidade co establecido no art. 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Para os efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Secretaria suplente da Mesa de Contratación certifica neste acto que todas as licitadoras presentaron de forma correcta a súa documentación administrativa, agás a licitadora UTE IPLAN MOVILIDAD SL e CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA SL (CIESA) que debe emendar a documentación administrativa presentada do seguinte modo:

- ten que aportar os DEUC das empresas que asinaron coa UTE IPLAN MOVILIDAD SL e CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA SL (CIESA) os compromisos para a integración da solvencia con medios externos (Anexo V) xa que nos casos no que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas cada unha delas tamén deberá achegar un DEUC

Deseguido, a Secretaría suplente expón que a empresa CONSULTORA ALAMON SL integrante da UTE DESARROLLO, ORGANIZACIÓN Y MOVILIDAD SA e CONSULTORA ALAMON SL foi a que elaborou o Estudo sobre xestión directa municipal do servizo de transporte público colectivo urbano de viaxeiros de A Coruña, datado en decembro de 2023; ao que se facía referencia no punto 21 do Anexo cadro de características do contrato co seguinte tenor literal:

21. CONDICIONES ESPECIALES DE COMPATIBILIDAD

En virtud de lo previsto en el artículo 70 de la LCSP, como medidas adecuadas para garantizar la igualdad de trato de todos los licitadores y que la participación en la licitación de las empresas o profesionales que hayan formado parte de la fase preparatoria del contrato, entendiéndose por esta la elaboración por encargo de este Ayuntamiento de cualquier trabajo previo de análisis o diagnóstico del ámbito o parte del mismo objeto de esta licitación, no falsee la competencia, se incorpora como anexo al PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS y en calidad de estudio previo, el documento elaborado por la entidad Consultora Alomon S.L. denominado "ESTUDIO SOBRE GESTIÓN DIRECTA MUNICIPAL DEL SERVICIO DE TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO URBANO DE VIAJEROS DE A CORUÑA" datado en diciembre de 2023.

A vogal da Mesa, Xefa de Servizo de Contratación, sinala que:

- 1) cando se publicou o estudo aínda non se presentara ningunha licitadora,
- 2) dende que se publicou o devandito estudo ata o final do prazo de presentación de ofertas non se fixo ningunha pregunta sobre este extremo,
- 3) no Prego de prescricións técnicas, na páxina 11 recóllese que ante este novo escenario, resulta importante analizar os datos a data actual xa que non foron obxecto de análise en ningún outro estudo municipal, dado que o último estudo foi elaborado con datos de viaxeiros do transporte público ata o ano 2021 e sen ter en conta o impacto na mobilidade da cidade a renovación levada a cabo no servizo de Bicicoruña e na páxina 25 que este traballo (Estudo sobre xestión directa municipal do servizo de transporte público colectivo urbano de viaxeiros de A Coruña, datado en decembro de 2023) tiña por obxecto o estudo económico sobre a posibilidade de xestión directa deste servizo analizando exclusivamente os aspectos económicos e tomando como información de base os datos de viaxeiros dos anos 2016-2021 e



Concello da Coruña

- 4) polo tanto, considera que todas as licitadoras concorrían en igualdade de condicións sen que se poida evidenciar que existise un falseamento da competencia, nin vantaxe competitiva algunha

En consecuencia, a Mesa de Contratación acorda admitir a todas as licitadoras presentadas por achegar a documentación esixida agás á licitadora UTE IPLAN MOVILIDAD SL e CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA SL (CIESA) a que se admite provisionalmente e a que se lle requirirá a corrección dos defectos advertidos, no prazo de 3 días hábiles.

Acorda igualmente publicar o resultado desta apertura na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento, e proceder á apertura do sobre 2, que contén as propostas suxeitas a avaliación mediante xuízo de valor, nesta mesma sesión.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

A secretaria suplente da Mesa

Berta María Fernández Espantoso

VºBº

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada